






Reclamante: 

Expedientes: **RSCTG 0117/2017**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao abeiro do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En resposta á reclamación presentada por , mediante escrito do 4 de Novembro de 2017, con data de entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 22/11/2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución

ANTECEDENTES

Primeiro. Segundo se desprende da documentación obrante no expediente, 
 presentou escrito de data 4 de Novembro de 2017, con data de entrada o 22/11/2017, no que alega: *“Solicité el 5 de Septiembre de 2017 a la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas e Xustiza, sita en Santiago de Compostela, acceso a la siguiente información pública: Resolución de 17 de Julio de 2007 do Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia (una vez disociados los datos personales que pudiese contener). En dicha resolución se reconocen como servicios prestados como personal laboral del grupo I (titulado superior) períodos prestados como becario (“bolseiro”) en la extinta Inspección Xeral de Servicios de la Xunta de Galicia. No he recibido respuesta a la petición de información pública”. En base ás súas alegacións, o reclamante formula “Reclamación ante la Comisión de Transparencia de Galicia por la desestimación por silencio administrativo a mi solicitud de información pública de 05 de Septiembre de 2017 a la Xunta de Galicia”*

O reclamante achegaba, xunto coa súa reclamación copia da solicitude de acceso a información presentada ante a Vicepresidencia de Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que concreta o obxecto da súa solicitude en que: *“A Valedora do Pobo ditou o 20 de Xaneiro de 2016 recomendación á Vicepresidencia da Xunta de Galicia en Relación a miña queixa, na que di que “neste caso concreto, debería darse resposta positiva expresa á solicitude de acceso a totalidade do expediente requirido, incluída a resolución de 17 de Xullo de 2007 ...”Pese ao fixado na recomendación, non se me deu acceso a dita resolución unha vez desasociados os datos persoais que se recollan nela”*

O reclamante motivou a súa solicitude en *“Comparar situacións administrativas idénticas con resultados distintos”*

Segundo. Con data 30 de novembro de 2017 dende a Comisión de Transparencia, comunícaselle ao reclamante a recepción da reclamación e a iniciación do expediente.

Terceiro. Non foi achegado informe ao expediente por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a pesares de telo solicitado a Comisión da Transparencia con data 30 de novembro de 2017.

Cuarto. Con data do 7 de febreiro de 2018 elaborouse unha proposta de resolución en sentido estimatorio. Esta proposta foi incluída na orde do día da convocatoria, de 19 de febreiro de 2018, da sesión XIX da Comisión da Transparencia que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018.

Quinto. Con data de 22 de febreiro de 2018 a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza remite a *Resolución de 7 de decembro de 2017 da solicitude de acceso á información pública formulada por* [REDACTED] o 5 de setembro de 2017 xunto coa copia da documentación solicitada por este reclamante.

A resolución entende que estamos ante unha solicitude de acceso á información pública, recolle que existe un terceiro interesado ao que lle da audiencia, e dado que a reclamación xa pedía a disociación dos datos de carácter persoal entende que procede estimar e dar o acceso á información solicitada.

Sexto. Durante o estudo do expediente, en exercicio das funcións que lle corresponden á secretaria, de acordo co artigo 10 c) do Regulamento interno da Comisión da Transparencia, Resolución de 5 de Xullo de 2016, informase e dáse copia, aos membros da Comisión da

Transparencia, da nova documentación que non puido ser tida en conta, indicándose que non afecta ao fondo do asunto ao tratarse dunha resolución administrativa estimatoria.

Sétimo. A Comisión da Transparencia por unanimidade, tras o estudo do expediente acorda incluír os novos antecedentes e fundamentos na resolución da reclamación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, de acceso á información pública e bo goberno (estatal), e pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro (galega), xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O art. 24 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no art. 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O art. 28 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo. O art. 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión de Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte as resolucións de acceso á información pública que establece o seu art. 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O art. 28.3 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do art. 24 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, trátase dunha reclamación que ten a consideración de substitutiva dos recursos administrativos e pon fin a vía administrativa, ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa e axustarase na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder a información pública, entendida como “os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”; é a mesma definición da información pública que se contén no art. 13 da Lei 19/2013, de 9 de decembro (básica).

Tanto o concepto da información pública como o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla na normativa autonómica e estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas e o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, ten por obxecto “ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública” e “regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade” (art. 1). No seu preámbulo sinala que “a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”.

A Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, sinala na súa Exposición de Motivos que “a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións” aconsella a aprobación do texto e resalta a superación dos anteriores estándares (“avanzar nos pasos dados pola lexislación previa e de os superar”), o que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

A disposición adicional primeira da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno dispón que a normativa ó acceso por parte de quen teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso ós documentos que se integran no mesmo, será a reguladora do correspondente procedemento administrativo.

Cuarto. Prazo para interpoñer o recurso

O art. 24.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que a reclamación se interporá no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado.

O art. 27.5 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que se entenderá desestimada a solicitude transcorrido o prazo para resolver sen que se dite e notifique unha resolución.

O reclamante presentou a súa solicitude o 5 de setembro de 2017 ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. O día 4 de novembro de 2017, ante a falta de contestación presenta a súa reclamación ante a Comisión da Transparencia, polo tanto en tempo e forma dada a consideración xurisprudencial do silencio negativo como unha mera ficción que non exime a Administración da súa obrigaón de ditar resolución expresa.

Quinto. Análise xeral

En consonancia coa *Resolución de 7 de decembro de 2017 da solicitude de acceso á información pública formulada por* [REDACTED] *compre salientar:*

1. Se trata dun dereito de acceso á información pública no que se persegue a comparación de situacións administrativas idénticas.
2. Se solicita unha resolución concreta coa previa disociación dos datos de carácter persoal de xeito que se impida a identificación das persoas afectadas en aplicación do artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.
3. O expediente realiza un trámite de alegacións ao terceiro interesado que en resume demanda que se exclúa do texto da resolución as referencias aos períodos de tempo que se indican como de realización da bolsa.
4. A resolución entende que non procede excluír do texto da resolución o mencionado dato ao non ser de carácter persoal, representa un dato de interese cara á comparación coas circunstancias persoais.
5. Procede estimar como dereito de acceso á información pública o contido da resolución do 17 de xullo de 2007, que estimou unha reclamación administrativa previa á vía xudicial laboral e declarou a existencia dunha relación laboral entre a persoa interesada e a Xunta de Galicia, previa a disociación dos datos de carácter persoal tal como fixo a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Por todo o exposto procede estimar por motivos formais a reclamación formulada por [REDACTED]

RESOLUCIÓN

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos procede

Único: Estimar por motivos formais a reclamación formulada por [REDACTED] [REDACTED] contra a denegación por silencio administrativo da Solicitud de acceso a información formulada por o mesmo ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o día 5 de setembro de 2017, e que finalmente foi resolta de xeito estimatorio o día 7 de decembro de 2017.

Contra esta resolución, que ponen fin a la vía administrativa, únicamente cabe, en caso de disconformidad, interponer recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos meses, contados desde el día siguiente a la notificación de esta resolución, de conformidad con lo previsto en el artículo 8.3 la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela a 28 de febreiro de 2018
A presidenta da Comisión de Transparencia.

Asdo. Milagros Otero Parga